

Luces

Imaxes en colisión

O cineasta Alberte Pagán estréase na ficción coa "áspera" 'A Pedra do Lobo'

DANIEL SALGADO

A *Pedra do Lobo* nace en Andy Warhol. Ou das pescudas, en libro e coa cámara, que o cineasta Alberte Pagán (O Carballiño, 1965) leva anos realizando no cinema do pintor das latas de sopas Campbell. "Na raíz do filme están tres escenas rodadas con anterioridade e directamente xurdidas de *Retrato, Kiss e Sleep* que comezaron como un xogo", explica o director sobre o que el mesmo denomina o seu primeiro filme de ficción. Extraer de elementos experimentais a posibilidade dunha narración foi o reto que se marcou Pagán para chegar ao que definiu, na estrea d'*A Pedra do Lobo* no festival Cineuropa de Santiago, como "unha película terrosa, sucia, chea de vermes, xermes e virus, unha película crúa, visceral, áspera".

"A miña idea era non filmar para ilustrar unha historia, senón gravar escenas autónomas e que ao xuntalas emerxese outra historia diferente", expón, "nese sentido, pódese falar dun filme de montaxe". Dezaioito horas de secuencias improvisadas conforman o tecido dun filme constituído finalmente en case dúas horas de duración e que explora as relacións de parellas e as cicatrices da emigración. E fai no ao tempo que revela as historias das propias imaxes. "Hai imaxes realistas, outras míticas, outras oníricas", afirma dunha obra da que non se considera único autor: os intérpretes Susi Soza, Amaro Ferreiro, el mesmo, os seus irmáns Carlos e Gonzalo Pagán, Pablo Sax, L.A.R. Legido e Miqui Resua comparten co cineasta a factura e o concepto d'*A Pedra do Lobo*.

Os materiais do filme foron recollidos en Panamá, Malta e Galicia. A canda eles crúzase unha serie voces que contan historias, bosquexos de historias, pensamentos. Entre esas cinzas de relato cóase o dun emigrante a Panamá, o que máis tempo de me traxese consome. "Vas collendo todos os elementos e ao montalos adquiren unha coherencia que de entrada non sospetabas", conta Alberte Pagán dun filme en que as correspondencias e colisións entre eses elementos resultan sempre inauditas, non agardadas, ao xeito do último Godard. O propio cineasta admite, a este respecto, sentirse "máis cómodo como montador que filmando". E, sen asomo ningún de cpatar, resume as súas intencións: "*A Pedra do Lobo* é o meu filme máis asequible; non comercial, porque o comercio e eu non nos levamos moi ben, pero si o que máis preto se atopa de contar unha historia".

En Bs. As. (2006), premio de cinema ensaio Román Gubern, Pagán reformulaba a película de correspondencia e suturaba o exilio económico no traballo que o deu a coñecer nos circuitos cinematográficos máis arriscados da Península. Con *Tanyaradzwa* (2008) retrataba, en seis horas proxectadas simultaneamente en dúas pantallas, a "vida, opinións e circunstancias"



Enriba, o cineasta Alberte Pagán nunha rúa da cidade vella de Compostela. Á esquerda, un fotograma d'*A Pedra do Lobo*, o seu primeiro filme descrito por el mesmo como unha ficción. / A. IGLESIAS

dunha muller de Zimbabue. Pero, que singulariza *A Pedra do Lobo* nunha traxectoria prolífica en que abunda a operación cos imaxes do real? "É o meu primeiro filme de ficción", responde, "se por ficción entendemos dúas persoas diante dunha cámara e

"É unha película terrosa, sucia, chea de vermes, xermes e virus", di o director

Pagán: "É o meu filme que máis se achega a contar unha historia"

ti dis 'fai isto' ou 'fai o outro'. Todo filme é un documental da súa propia rodaxe, adoita citar Victor Erice a Rosellini e niso concorda Pagán: "Na ficción podes repetir unha escena para melloralas, pero eu prefiro a imperfección, os defectos; moitos pla-

James Joyce, que o propio Alberte Pagán estudou na monografía *A voz do trevo* (Laiovoito, 2000) e traduciu ao galego nunha versión maiormente inédita, latexa nos encadres e no espírito d'*A Pedra do Lobo*. "Na duplicidade dos personaxes, por exemplo", engade, "pero na película hai moitos fios e, segundo do que tires, fala dunha cousa ou doutra". O cinema da escritora Marguerite Duras e Jacquie Reynald, ao fondo.

No plástico hermetismo que domina a metraxa, a música, como en ningunha outra peza da súa filmografía, adquire primeiro plano. A improvisación feroz, violenta, do trío pontevedrés Urro—saxo, guitarra e batería—e o jazz libre de Luís Alberto Legido e Pablo Sax—que contra o final aparecen en pantalla—baten coas imaxes. "Todo arrinca dunha proxección de *Eclipse metanoico* con Urro tocando en directo",

A obra nace de xogar cos filmes de Andy Warhol como 'Sleep' ou 'Kiss'

A música de Urro e de Legido e Pablo Sax está en primeiro plano

recorda. Naquela sesión no centro social *okupado* das Atochas, na Coruña, a Pagán prestoulle como o son se despregaba autonomamente sobre unha proxección en que a mecánica analóxica da cámara xogaba con imaxes que mesmo se volvían abstractas. "Seguín esa inercia e n'*A Pedra do Lobo* procurei continuar con esa pequena investigación da música", xustifica, "pero, como a Luís Buñuel, non me gusta a música nos filmes, unicamente a que está dentro das imaxes; con Urro é diferente, porque a súa música, estridente e radical, mal pode adornar ningunha imaxe".

A Pedra do Lobo, ademais da primeira ficción de Pagán, é tamén pioneira, dentro do seu traballo, no financiamento. Nunca antes contara con orzamento achegado dende o exterior. Dezaioito mil euros dunha das denominadas axudas ao talento da Xerencia Galega das Industrias Culturais sufragaron o filme. "Só influíu en que me tiven que apurar", especula divertido, "se non tivese que entregar unha copia da obra, se cadra tardaría máis e ao mellor a duración chegaría ás catro horas".

Mais Pagán non para. Logo desta incursión, xa rematou *Outrasvozes*, que recolle fragmentos de militantes internacionais—saharais, palestinos, colombianos—que pasaron polos antigos Comités de Solidariedade de Santiago, e *A quem se lhe conte*, unha montaxe con imaxes gravadas nos días do naufragio do *Prestige* e as protestas cidadás derivadas.

nos aos que se lle chama ficción non o son". O exemplo que coloca é contundente: "Un lume ardendo é sempre un lume, non lle podes dicir que se poña aquí ou que se poña alí".

No título d'*A Pedra do Lobo* ecoa Ingmar Bergman. Non é casualidade. "Eu lembraba un capítulo d'*A hora do lobo* [o filme de Bergman de 1968] en que aparece un reloxo e marcaba o paso dun minuto", di, "na miña memoria, ese plano duraba un minuto. Reviséi a película hai pouco e só duraba uns segundos. No meu traballo permítenme emendar a plana a Bergman". Iso si, non todo son coincidencias co cineasta sueco: "A pedra é espacial, o lobo é temporal, un ser vivo". E *A Pedra do Lobo* tamén é un topónimo, o lugar físico onde acontece a trama da ficción de Pagán.

Con Warhol, a quen o director do Carballiño dedicou o libro *A mirada impositel* e sobre o que a comezos de 2012 publicará *A mirada inqueda* (Postivas, 2007), outra das fontes das que bebe o filme, tamén responde a unha obsesión de vello do cineasta. O *Finnegans Wake* de